

**PRESIDENTA:**  
**DONA OLGA M<sup>a</sup> GARCÍA BALLESTEROS**

**VOGAIS:**  
**DONA NOEMÍ OUTEDA PROL**  
**DONA ANA LAURA IGLESIAS GONZÁLEZ**  
**DONA RAQUEL GIRÁLDEZ ARMAS**  
**DONA ANA MARIA MEJIAS SACALUGA**  
**DONA IRIA LAMAS SALGUEIRO**  
**D. SANTOS HECTOR RODRIGUEZ DIAZ**  
**DONA MARÍA PAZ LAGO MARTÍNEZ**  
**DON JORGE CUBELA LÓPEZ**  
**D. MIGUEL DOMÍNGUEZ ALFONSO**  
**D. JAVIER TOURÍS ROMERO**  
**D. IGNACIO MARIL PARDO**  
**D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS**  
**D. JOSÉ ALFONSO MARNOTES GONZÁLEZ**  
**D. XOSÉ CESÁREO MOSQUERA LORENZO**  
**DONA MARÍA ORTEGA IÑARREA**  
**DON CARLOS LOPEZ FONT**

**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA  
COMISION INFORMATIVA DE  
IGUALDADE CELEBRADA O DIA 23 DE  
ABRIL DE 2021**

En Pontevedra, sendo as once horas e trinta minutos do día 23 de abril de 2021, reúnense baixo a Presidencia de Dna. Olga María García Ballesteros, en sesión telemática, as señoras e señores deputados que ó marxe se sinalan, membros da Comisión Informativa de Igualdade.

Actúa como Secretaria, por delegación do Sr. Secretario Xeral, Dna. Lucia Muradas Arcay, xefa do Servizo de Igualdade.

Aberta a Sesión pola Presidencia, adoptáronse os seguintes acordos:

**1. APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 18 DE MARZO 2021.**

A comisión acorda prestar aprobación, por unanimidade, a acta da sesión celebrada o día 18 de marzo de 2021.

**2. DAR CONTA DA CONVOCATORIA DA I EDICIÓN DOS PREMIOS #MULLERES NO FOCO.**

Dáse conta as persoas asistentes a comisión da primeira edición dos Premios #Mulleres no foco, co obxecto de incentivar, apoiar e recoñecer o papel das profesionais galegas do audiovisual, e incidir de forma directa na participación e a promoción destas no sector.

Trátase dunha convocatoria aberta para a recepción de candidaturas nas que se distinguirán perfís con perspectiva de xénero, activistas polo recoñecemento da muller no sector, impulsoras do emprego feminino no audiovisual galego, obviamente alén da súa traxectoria persoal e o seu talento.

As candidaturas aos premios #Mulleres no foco, correspondentes o ano 2021, serán presentadas polas persoas que conformen o xurado dos premios ou, polas entidades locais, culturais ou profesionais de ámbito galego que pola súa natureza, fins ou obxectivos estean relacionadas co sector audiovisual.

As candidaturas poden presentarse no prazo dun mes, contados a partir do día seguinte a publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO), rematando o prazo de presentación de ditas candidaturas o vindeiro 30 de abril de 2021.

A contía total prevista para estes premios será de 9.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria



21/250.2315.480.03, do vixente orzamento provincial. Habará 3 premios con cadansúa dotación económica de 3.000€.

Non se levan a cabo intervencións neste apartado.

### **3. DAR CONTA DA CONVOCATORIA DA I EDICIÓN DO PROGRAMA DESCÚBREAS.**

Dáse conta as persoas asistentes a comisión da convocatoria da I Edición do programa DESCÚBREAS ,que ten como obxectivo articular accións que axuden a compensar as dificultades coas que as mozas atópanse actualmente na escena musical, que impiden que se dediquen profesionalmente logo de rematar os seus estudos. Rachar con estes obstáculos que dificultan o desenrolo da súa carreira coas mesmas oportunidades que os seus colegas varóns.

O programa engloba unha serie de accións coas que se pretende xerar as condicións óptimas que teñan como resultado un espazo de encontro no que se levan a cabo actividades relacionadas co protagonismo da muller na historia da industria musical, cunha especial incidencia na música feita por elas, nas que elas amosen o seu sentir en primeira persoa, inqedanzas, reivindicacións, reflexións dende a súa propia ollada.

O programa DESCÚBREAS ten dous fíos condutores, por unha banda unha plataforma web que albergará tódolos contidos, cun directorio, axenda e tutoriais acerca do funcionamento da industria musical, unha consultaría on line, e por outra banda, un programa de mentoría dirixido a oito nenas e mozas de entre 16 e 26 anos da provincia de Pontevedra, e que terá como resultado a gravación das súas propias cancións e do seu propio vídeo-clip.

Para seleccionar ás persoas participantes no programa de mentoría convocouse a I edición do Programa Descúbreas, cuxas bases se publicaron no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do día 26 de marzo de 2021.

O valor estimado de cada beca ascende a 1.000€. As oito participantes seleccionadas participarán nun proceso de mentoría titorizado por persoal especializado do programa "Descúbreas", cunha duración estimada de dous (2) meses, e terán acceso a:

- Itinerario individualizado tendo en conta as características de cada alumna. Neste itinerario detallarase as sesións de mentoring das que se fará o seguimento pormenorizado.
- Gravación dunha canción propia en estudio.
- Gravación e realización dun vídeo-clips de cada artistas mentorizadas.

Non se levan a cabo intervencións neste apartado.

### **4. ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se levan a cabo intervencións neste apartado.

E non habendo máis asuntos, a presidenta levanta a sesión, sendo as once horas trinta e cinco minutos, do que eu, como secretaria, dou fe.

*Asinada dixitalmente na data que figura na marxe.*

